



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Destinatario: Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 24 de setembro de 2012, sobre a denuncia do Bloque Nacionalista Galego en relación a sendas campañas institucionais cos lemas “Decálogo de dereitos das persoas maiores” e “Saneamento de Vigo. EDAR de Lagares” en diversos medios de comunicación social (doc. RE 310/2012).

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

Antecedentes

1.- Examinada a denuncia formulada por D. Alberte Souto Souto, representante xeral da entidade política Bloque Nacionalista Galego en relación a sendas campañas institucionais cos lemas “Decálogo de dereitos das persoas maiores” e “Saneamento de Vigo. EDAR de Lagares” en diversos medios de comunicación social, a Xunta Electoral de Galicia, acordou dar traslado do escrito da denuncia á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias da Xunta de Galicia, para que emita informe sobre o seu contido, dentro dun prazo que rematou o luns, día 24 de setembro de 2012, ás 10,30 horas.

Tras a oportuna fundamentación, no suplico solicita que se requira á Xunta de Galicia a cesar na difusión das campañas “Decálogo de dereitos das persoas maiores” e “Saneamento de Vigo. EDAR de Lagares”, sen prexuízo da imposición de sancións, especialmente debido á reiteración na difusión de campañas institucionais da Xunta de Galicia neste período electoral.

2.- A Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias formula as súas alegacións a través da presentación do escrito doc. RE núm. 313/2012, nas que fundamenta os motivos que ao seu xuízo considera que deben concluír na desestimación e arquivo da denuncia presentada.

Fundamento de dereito

O artigo 50.1 da LOREG –en correlación co artigo 25.3 da Lei autonómica 8/85, de 13 de agosto–, ten sido desenvolvido pola instrución 2/2011, do 24 de marzo, sobre interpretación do artigo 50 da LOREX, en relación co obxecto e límites das campañas institucionais e dos actos de inauguración realizados polos poderes públicos en período electoral.

O apartado 4.b da citada resolución entende como campaña institucional permitida aquelas de carácter informativo que resulten imprescindibles para a salvagarda do interese público ou para o correcto desenvolvemento dos servizos públicos.

Esta Xunta Electoral, tendo en conta o seu recente acordo do 3 de setembro de 2012, e constituíndo a publicación da campaña institucional “Decálogo de dereitos das persoas maiores” unha infracción



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

do artigo 50 da LOREX, non da lugar a procedemento sancionador que se podería iniciar no caso de reiterarse condutas semellantes.

A aplicación deste precepto ao caso presente leva a estimar parcialmente a solicitude do recorrente,

Acordo

A Xunta Electoral de Galicia, por maioría, acorda:

1.º.- Requerir á Xunta de Galicia para que cese na difusión da campaña “Decálogo de dereitos das persoas maiores”.

2.º.- Desestimar a denuncia no referido á campaña “Saneamento de Vigo. EDAR de Lagares”.

3.º.- Notificar este acordo ás partes interesadas contra o cal poden formular recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, dentro das vinte e catro horas seguintes ao da súa notificación.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 da Lei orgánica 5/85, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, comunícolle que poden, contra el, interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá ser presentado ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 18,00 horas do próximo día 25 de setembro de 2012.

A Coruña, 24 de setembro de 2012

O presidente

Miguel Ángel Cadenas Sobreira



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Destinatario: Representante xeral do Bloque Nacionalista Galego.

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 24 de setembro de 2012, sobre a denuncia do Bloque Nacionalista Galego en relación a sendas campañas institucionais cos lemas “Decálogo de dereitos das persoas maiores” e “Saneamento de Vigo. EDAR de Lagares” en diversos medios de comunicación social (doc. RE 310/2012).

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

Antecedentes

1.- Examinada a denuncia formulada por D. Alberte Souto Souto, representante xeral da entidade política Bloque Nacionalista Galego en relación a sendas campañas institucionais cos lemas “Decálogo de dereitos das persoas maiores” e “Saneamento de Vigo. EDAR de Lagares” en diversos medios de comunicación social, a Xunta Electoral de Galicia, acordou dar traslado do escrito da denuncia á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias da Xunta de Galicia, para que emita informe sobre o seu contido, dentro dun prazo que rematou o luns, día 24 de setembro de 2012, ás 10,30 horas.

Tras a oportuna fundamentación, no suplico solicita que se requira á Xunta de Galicia a cesar na difusión das campañas “Decálogo de dereitos das persoas maiores” e “Saneamento de Vigo. EDAR de Lagares”, sen prexuízo da imposición de sancións, especialmente debido á reiteración na difusión de campañas institucionais da Xunta de Galicia neste período electoral.

2.- A Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias formula as súas alegacións a través da presentación do escrito doc. RE núm. 313/2012, nas que fundamenta os motivos que ao seu xuízo considera que deben concluír na desestimación e arquivo da denuncia presentada.

Fundamento de dereito

O artigo 50.1 da LOREG –en correlación co artigo 25.3 da Lei autonómica 8/85, de 13 de agosto–, ten sido desenvolvido pola instrución 2/2011, do 24 de marzo, sobre interpretación do artigo 50 da LOREX, en relación co obxecto e límites das campañas institucionais e dos actos de inauguración realizados polos poderes públicos en período electoral.

O apartado 4.b da citada resolución entende como campaña institucional permitida aquelas de carácter informativo que resulten imprescindibles para a salvagarda do interese público ou para o correcto desenvolvemento dos servizos públicos.

Esta Xunta Electoral, tendo en conta o seu recente acordo do 3 de setembro de 2012, e constituíndo a publicación da campaña institucional “Decálogo de dereitos das persoas maiores” unha infracción



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

do artigo 50 da LOREX, non da lugar a procedemento sancionador que se podería iniciar no caso de reiterarse condutas semellantes.

A aplicación deste precepto ao caso presente leva a estimar parcialmente a solicitude do recorrente,

Acordo

A Xunta Electoral de Galicia, por maioría, acorda:

1.º.- Requerir á Xunta de Galicia para que cese na difusión da campaña “Decálogo de dereitos das persoas maiores”.

2.º.- Desestimar a denuncia no referido á campaña “Saneamento de Vigo. EDAR de Lagares”.

3.º.- Notificar este acordo ás partes interesadas contra o cal poden formular recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, dentro das vinte e catro horas seguintes ao da súa notificación.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 da Lei orgánica 5/85, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, comunícolle que poden, contra el, interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá ser presentado ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 18,00 horas do próximo día 25 de setembro de 2012.

A Coruña, 24 de setembro de 2012

O presidente

Miguel Ángel Cadenas Sobreira